

## **O PSdeG de Vilalba considera “inxustificable e antidemocrático” que o alcalde rexeite instar ó Goberno a tipificar como delito a exaltación do franquismo**

**Dadas as testemuñas producidas últimamente na provincia, “que nunha España moderna nunca poden ser toleradas”, para os socialistas só hai dúas posibilidades: “ou se está coas vítimas ou se está cos verdugos. A postura do PP é moi clara, e así quedou manifestada no Pleno”**

**Logo de que o rexedor negase que cobra 20.000 euros anuais máis que o que lle corresponde polo seu posto na Administración galega, esíxenlle que “diga a verdade a todos os vilalbeses”, xa que o que está facendo é “vivir á costa deles e do Concello”**

**Coa votación en contra da anulación do repago farmacéutico, “consideran que os gobernos do PP, unha vez máis, só pensan en recadar e facer caixa a costa dos cidadáns”**

O PsdeG de Vilalba considera “totalmente inxustificable e antidemocrático” que o alcalde e o seu equipo de goberno votasen en contra da moción presentada polo PSOE para instar ó Goberno de España a que tome as medidas necesarias para a modificación do Código Penal e o enaltecemento do franquismo teña o mesmo tratamento penal que ten, no seu artigo 578, o a exaltación do terrorismo, así como esixir que o Executivo Estatal introduza no mesmo documento un artigo que tipifique como delito a exaltación do franquismo ou, calquera manifestación lesiva para a dignidade dos represaliados.

Deste xeito, os socialistas, a través do seu voceiro, Eduardo Vidal Baamonde, denuncian a actitude do Goberno do Partido Popular; “unha actitude que non ten parangón na historia da democracia”, pois tendo en conta que a provincia está a ser testemuña dun rexurdimento de actitudes antidemocráticas que, nunha España moderna non poden ser toleradas de forma alguna, non caben máis posibilidades: “ou se está coas vítimas ou se está cos verdugos. A postura do Partido Popular de Vilalba é moi clara, como tamén o foi, lamentablemente, a do de Baralla, e así quedou manifestada no Pleno”.

A este respecto, lembraron que “desgraciadamente todos temos nas nosas familias alguna vítima daquel Réxime. Por iso, é inadmisibile que o Alcalde lle dé as costas a esta iniciativa. Non apoiar a moción que presentamos é non apoiar a todas esas familias cuxos membros morreron na Guerra ou sufriron as consecuencias da ditadura. Non apoiar a moción é o mesmo que estar de acordo coa política daquela época”.

### **“O Alcalde vive á costa dos veciños e do Concello”**

Logo de que o Alcalde negase que cobra 20.000 euros anuais máis que o que lle corresponde polo seu posto que ten reservado na Administración galega, Eduardo Vidal esíxelle ó rexedor municipal que “diga a verdade a todos os vilalbeses”. Para o voceiro socialista, esta cuestión supón “rirse dos veciños, ou o que é máis importante, o Alcalde vive á costa deles e do Concello”.

Deste xeito, e tendo en conta a situación económica actual, que o responsable municipal perciba esta contía económica, considéranos “unha falta de respecto total e absoluta a todas as familias que teñen dificultades para chegar a fin de mes ou que teñen todos os seus membros no paro”.

### **O PP dixo si ó repago farmacéutico**

Así mesmo, o voceiro socialista denuncia que o Partido Popular tamén votase en contra da moción presentada para a anulación do repago de medicamentos que dispensan as farmacias dos hospitais a

# Nota de prensa



persoas con enfermidades moi graves ou crónicas, como é o caso do cancro, a esclerose ou a hepatitis. Para Vidal Baamonde, a actitude manifestada polo Alcalde e polo seus compañeiros de goberno de non solicitar á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Sanidade a modificación das condicións de financiamento dos medicamentos supón "unha gran ferida de morte ós cidadáns".

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
**LUGO**

A este respecto, indicou que "os gobernos do Partido Popular, unha vez máis, só pensan en recadar e facer caixa á costa dos cidadáns. Eu preguntome: como pode ser que un Alcalde que, supostamente, debe velar polos intereses dos seus veciños, estea a favor de que se lles cobre máis polas menciñas que son necesarias para a súa saúde? Como pode ser que esté a favor do que é o maior ataque á Sanidade pública que se produciu en toda a democracia".

1 de outubro de 2013

**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**